

MOCIÓN SOBRE O SERVIZO DE RECADACIÓN.

PLENO 30 DE MARZO 2017. ACTA 04/2017

ANTECEDENTES:

Moción do grupo AER do día 24/03/2017 con número 4.173 que se transcribe a continuación:

“O día 22 de Marzo de 2017 rematou o actual contrato de “colaboración na xestión tributaria, censal, inspectora, catastral e recadadora” do Concello de Redondela, contrato que databa de Marzo de 2011, cunha duración de catro anos mais unha prórroga de dous.

No mes de Decembro de 2016 iniciouse o expediente para un novo contrato baseándose nun informe do servizo de Tesourería no que se sinala que “o Concello de Redondela carece dos medios persoais e materiais que lle permitan o desenvolvemento” deste servizo.

Para non ter que debater en pleno esta contratación, o equipo de goberno reduciu a duración do contrato a dous anos prorrogables a dous mais (1+1). Desta forma, evitan o debate plenario xa que a competencia de contratación pasa do Pleno do Concello ao Alcalde (neste caso e ao ter delegada a competencia, pasará a Xunta de Goberno). Dende AER avogamos pola remunicipalización dos servizos públicos esenciais do Concello, auga e lixo; e mirábamnos cara o servizo de recadación como o inicio da posibilidade de que os servizos que presta o Concello os xestione directamente o Concello.

Ante a imposibilidade de que este contrato pase polo pleno e todos os grupos deamos a nosa opinión sobre o mesmo, a Agrupación de Electores de Redondela trae esta moción para ter o debate que nos usurpou o goberno local; e propoñemos ao pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

Remunicipalización do Servizo de xestión tributaria, censal, inspectora, catastral e recadadora do Concello de Redondela.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a moción a votación transcrita anteriormente, co engadido proposto polo PsdGPSOE, apróbase sendo 12 votos a favor (6 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleira non adscrita) e 9 votos en contra do PP, xunto co engadido proposto polo PsdG-PSOE: “establecer que se realice un estudo para analizar a remunicipalización do servizo de xestión tributaria, censal, inspectora, catastral e recadadora do Concello de Redondela.”.

Explicación de voto: A concelleira AMOEDO DASILVA di que non apoian que se municipalice un servizo que xa é municipal. Estarían de acordo se o acordo fora exclusivamente para acordar o proposto polo PsdG-PSOE a fin de realizar un estudo para valorar as alternativas posibles.